



HABILIDADES DE NEGOCIACIÓN E XESTIÓN CONSTRUCTIVA DO CONFLICTO NO CONTEXTO ESCOLAR

Miguel Anxo SANTOS REGO
Antonio RODRÍGUEZ MARTÍNEZ
Mª del Mar LORENZO MOLEDO
Universidad de Santiago de Compostela

RESUMEN

O marco desta aportación non é outro que a ensinanza de procedementos de solución de conflitos, tendo como referente principal a educación moral e cívica. O artellamento do aprendizaxe cívico, dentro e fora da escola, constitúe un dos desafíos máis notorios deste século que estamos a inaugurar.

O conflito pode entenderse como unha categoría socio-histórica explicable desde múltiples puntos de vista, ou aínda desde paradigmas sobre a evolución cultural dos seres humanos ó longo do tempo. Pero o que aquí nos interesa é a súa representación acorde co desenvolvemento humano que promove e realiza a educación.

Deutsch (1973) define un conflito de intereses, como o que acontece cando as accións dunha persoa, intentando acandar as súas metas, impiden, bloquean ou interfieren as accións dun semellante que camiña na mesma dirección. Ou para ser máis exactos, seguindo ó mesmo autor "un conflito existe cando se da calquer tipo de actividade incompatible" (1980, p.47).

A mediados desta década, la autodenominada "Asociación Nacional para la Mediación en Educación" estimaba que os programas de resolución de conflitos e mediación entre iguais funcionando nas escolas dos Estados Unidos oscilaba entre os cinco e os oito mil. Postos a clasificar descriptivamente esos programas, tres vías poderían ser suficientes:

- a) programas de formación de cadros ou programas para a formación xeralizada nas aulas.
- b) programas basados no curriculum, de natureza preventiva (destrezas sociais, entrenamiento empático, auto-regulación) ou programas de mediación entre iguais; e
- c) programas orientados ó logro de destrezas interpersoais, programas académicamente orientados e programas para o cambio estrutural (Johnson e Johnson, 1996).

Dito brevemente, é a dimensión procesual do conflito a que debe mobilizar o noso rexistro intelectual acerca do seu xerme, desenvolvemento e manifestación nun contexto determinado. Ademais, teñamos presente que, no seu vencellamento psico-social, promove unha perspectiva

motivacional no seo da súa propia análise, que entendemos de utilidade na explicación e afrontamento de non poucos conflitos dentro das organizacións sociais, e mesmo no que ten que ver co conflito na escola.

A estas alturas do discurso imponse unha distinción. Dunha banda, comprobamos os efectos destructivos do conflito, que ten adquirido forma de violencia nas escolas, e que se ten concretado no denominado fenómeno bullying -entendido como a violencia mantida, mental ou física, guiada por un individuo ou grupo e dirixida contra outro que non é capaz de defenderse a si mesmo nesa situación (Cerezo, 1997), pero por outra banda, sabemos pola tradición teórica, que tamén hai outro conflito, condición necesaria e positiva para o crecemento de nenos e adolescentes.

¿Podemos esquecer, acaso, que os conflitos son parte inherente das relacións sociais e que da maneira que teñamos de xestionar esas relacións dependerá a natureza da interdependencia social que se palpe nunha situación ou marco de vida?. Sin conflito cognitivo é impensable a maduración intelectual da que resultan unha nova concepción do eu e das relacións co outro. Trátase do mecanismo polo que adquirimos estrutura na cognición, contribuíndo a desenvolver perspectivas e patróns de razoamento que deixan a súa pegada no plano actitudinal e conductual (Kurt Lewin dixit). Os novos "pattern" son a semente de novos conflitos a medida que roles e normas van sendo negociados. Non é casualidade, xa que logo, que algúns vexan na negociación a máis sofisticada das estratexias de resolución de conflitos (Santos Rego, 1992; Smetana, 1989).

O manexo axeitado dos conflitos non é algo que se poida desligar facilmente dunha nova capacitación, a de aprender a vivir xuntos, que esixe unha mirada máis tolerante e xusta da realidade socio-cultural. Representa a aposta cívica por antonomasia, o valor estratéxico ante os novos espazos da comunicación humana.

Palabras clave: Habilidades de negociación, mediación, conflito, aprendizaxe cívico.